

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*RESOLUCIÓN do 26 de setembro de 2011, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se procede a designar os membros e a facer pública a composición da comisión de selección que supervisará e valorará as solicitudes dos aspirantes aos premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2010-2011.*

De conformidade co establecido no artigo 9 e na disposición derradeira primeira da Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se convocan os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2010-2011 (DOG do 29 de xullo), esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Primeiro. Designar os membros da comisión de selección que deberán supervisar e valorar os méritos dos aspirantes aos premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2010-2011 e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo I desta resolución.

Segundo. Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2011.

José Luis Mira Lema  
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

#### ANEXO I Comisión de selección

– Presidenta: Carmen Cimadevila Cea, subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo por delegación do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

– Vogais:

- Marina Armada Vigo, xefa do Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.
- María del Carmen Areán Vázquez, inspectora de Educación.
- María Magdalena Duarte Blanco, inspectora de Educación.
- María Adoración de la Fuente Fernández, inspectora de Educación.

– Secretaria: Guadalupe Martínez Rivas, funcionaria da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.